



Grupo de Acción Local
do sector Pesqueiro

Golfo Ártabro Norte

C.I.F. G-70.454.657

Rúa Curro, nº33 – 15630 Miño (A Coruña)

Tifno. 981 784 417 / 636 736 788

mail: galp.mar.golfoartabronorte@xunta.gal

PROPOSTA DE RESOLUCIÓN DEFINITIVA XUNTA DIRECTIVA

Dna. Teresa María Oujo Reino, maior de idade, con DNI número 32.815.913-L, como secretaria da asociación Grupo de Acción Local do Sector Pesqueiro (GALP) Ártabro Norte, con NIF número G-70.454.657, e domicilio social na Casa do pescador de Miño, rúa do Curro nº 33, código postal 15630, Miño, provincia de A Coruña, en virtude das competencias que teño atribuídas en virtude do artigo 22 dos Estatutos da mesma,

CERTIFICO QUE,

Que segundo se recolle na acta da reunión de Xunta Directiva celebrada o día 6 de abril de 2021 na Casa do Pescador do Concello de Miño, no punto 2. "Relación de proxectos presentados convocatoria 2021 e aprobación por parte da Xunta Directiva para ser enviados á Consellería do Mar para resolución definitiva", os membros da Xunta Directiva (estando presentes 10 representantes dos trece que conforman a Xunta Directiva) e na acta da reunión celebrada vía mail de carácter urxente o día 14 de abril de 2021, acordaron o seguinte en relación á proposta de resolución:

1. A Xunta Directiva do GALP Golfo Ártabro Norte seleccionou provisionalmente os proxectos que considerou prioritarios para a execución da súa Estratexia de Desenvolvemento Local Participativo, de conformidade cos criterios establecidos nesta, e no estipulado na "Orde de Axudas do 21 de decembro de 2018 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de axudas para proxectos ao abeiro das Estratexias de desenvolvemento local participativo (EDLP), aprobadas para os grupos de acción local do sector pesqueiro para o desenvolvemento sustentable das zonas de pesca no marco do Fondo Europeo Marítimo e de Pesca 2014-2020, CONVOCATORIA 2021. 1ª FASE ADXUDICACIÓN AXUDAS".
2. Todos os membros da Xunta Directiva asinaron antes do comezo da reunión, a declaración de ausencia de conflito de intereses, e ausentáronse da mesma, no momento da votación do proxecto, no caso da súa implicación nos mesmos.
3. Nos caso de empate nas puntuacións dos proxectos, o equipo técnico aplicou o punto 10 do artigo 23 "fase de instrución" da Orde de Axudas do 21 de decembro de 2018.
4. O expediente preceptivo de ter un informe positivo do órgano competente en materia de turismo, tal e como establece o artigo 23.3 da Orde de 21 de decembro de 2018, para os proxectos turísticos que impliquen un incremento da oferta de aloxamento, quedarían aprobados por esta xunta directiva, pendentes do devandito informe favorable da Dirección de Competitividade (Turismo de Galicia).
5. Para unha correcta xestión de fondo neste ámbito territorial, debido a estar na última convocatoria de axudas do Programa FEMP 2014-2020, e poder chegar a cumprir o obxectivo financeiro do programa, tendo en conta o Convenio asinado coa Consellería do Mar que ten por obxecto "establecer as condicións e obrigas que asume o GALP como entidade colaboradora da Consellería do Mar na dobre vertente de axente de desenvolvemento na aplicación da estratexia de desenvolvemento local participativa da zona pesqueira, e na xestión e control das axudas que se tramiten para o desenvolvemento da estratexia", a Xunta Directiva acorda que se aproben todos os proxectos produtivos, tendo en conta o límite orzamentario para proxectos produtivos e na propia Estratexia de Desenvolvemento Local Participativo do Golfo Ártabro Norte.



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DO MAR



Financiado pola Unión Europea
Fondo Europeo Marítimo e da Pesca
(FEMP)



6. Que no caso de non existir crédito orzamentario para atender todas as solicitudes aprobadas de carácter produtivo desta convocatoria 2021, a Xunta Directiva acorda que sexan incorporadas a unha lista de reserva, tendo en conta o artigo 25.7 da Orde de axudas do 21 de decembro de 2018 *“Establecerase unha listaxe de reserva con aqueles proxectos incluídos na proposta de resolución definitiva dos GALP que non poidan recibir axuda por falta de crédito, que será utilizada de non esgotarse o crédito dispoñible ou de resultar incrementado este posteriormente en virtude renuncias, de modificación de resolucións de outorgamento ou de dotacións orzamentarias adicionais ata o día que termina o prazo de presentación das solicitudes da seguinte fase”*
7. En relación aos proxectos non produtivos, por non dispor de dotación orzamentaria para poder atender todas as solicitudes presentadas, incorpóranse a unha lista de reserva, que será utilizada tal é como indica o artigo 25.7. da Orde de axudas do 21 de decembro de 2018, os seguintes:
 - Expte. GALP2-182 “Ares Ultramarino II”. Concello de Ares
 - Expte. GALP2-190 “Fene no Mar”. Concello de Fene
 - Expte. GALP2-180 “Narón mar aberto”. Concello de Narón
 - Expte. GALP2-185 “Mellora da accesibilidade e posta en valor da contorna praia de Ares”. Concello de Ares.
8. Esta proposta de resolución provisional de Xunta Directiva para proxectos produtivos e non produtivos da Convocatoria 2021, non crea ningún dereito a favor do solicitante proposto, estando suxeita á dispoñibilidade orzamentaria de crédito para proxectos produtivos e non produtivos para esta convocatoria 2021. Publicouse xunto Anexo I. Proposta de resolución provisional Xunta Directiva para proxectos produtos, o anexo II. Proposta de resolución provisional Xunta Directiva para proxectos non produtivos e o anexo III. Proposta de resolución provisional de proxectos desestimados Xunta Directiva na páxina web dos Grupos de Acción Local do Sector Pesqueiro de Galicia <https://galp.xunta.gal/>
9. Outorgouse un prazo de alegacións de 5 días hábiles contados dende a data da súa publicación no taboleiro de anuncios do GALP Golfo Ártabro Norte e na páxina web, que foi o día 6 de abril de 2021.
10. Rematado o prazo de alegacións o día 13 de abril de 2021, non foi recibida ningunha ao respecto, na sede do GALP Golfo Ártabro Norte.
11. Os membros da Xunta Directiva acordan que unha vez publicada a resolución provisional -segundo o artigo 24 da Orde do 21 de decembro de 2018- e abrir un prazo de achegas de 5 días hábiles; no caso de non recibir alegacións ao respecto, quedarían aprobadas definitivamente as propostas da resolución provisional, elevando a público unha proposta de resolución definitiva de proxectos produtivos e non produtivos, sen necesidade de levar a cabo unha nova reunión de Xunta Directiva presencial, ao non existir alegacións nin modificacións de ningún aspecto nos acordos tomados nos diferentes proxectos nesta reunión, e que tiveran que ser novamente debatidos polos membros.
12. O día 12 de abril a Consellería do Mar enviou o informe sobre infraccións graves dos solicitantes de axudas deste GALP cofinanciadas co FEMP de conformidade co artigo 10.1 a) do Regulamento (UE) nº 508/2014, relativo ao Fondo Europeo Marítimo e da Pesca, onde figura que o solicitante Gustavo A. Chacartegui Pérez-Castrillón con NIF 32.696.210-P foi sancionado mediante resolución administrativa firme de 03/09/2020, polo que o solicitante non poderá optar a axuda nos doce meses seguintes, a contar dende a data da firmeza de sanción.





13. A Xunta Directiva realizou unha reunión via mail e de carácter urxente o día 14 de abril de 2021, onde por maioría adoptan o acordo de incluír o expediente GALP2-179 "Compra de dous remolques isotermos para embarcación" presentado por Gustavo A. Chacartegui Pérez-Castrillón como DESESTIMADO, sendo o motivo "Desestimado por Imposición de sanción firme en vía administrativa por infracción grave conforme o disposto no artigo 10.1a) do regulamento (UE) Nº 508/2014 relativo ao Fondo Europeo Marítimo e de Pesca. Informe do Servizo Técnico Xurídico da Consellería do Mar recibido no GALP o día 12 de abril de 2021".
14. A Xunta directiva eleva a público unha proposta de resolución definitiva de proxectos produtivos da 1ª fase de adxudicación de axudas, Convocatoria 2021, tendo en conta todo o anterior, que será trasladada á Consellería do Mar para a súa aprobación definitiva.
15. Informar que esta proposta de resolución DEFINITIVA, xunto cos correspondentes anexos publicarase no taboleiro de anuncios do GALP Golfo Ártabro Norte, así como na páxina web dos GALP de Galicia <https://galp.xunta.gal/>

E para que conste, aos efectos oportunos

Miño, 15 de abril de 2021

Visto e prace

Asdo.: José Manuel Fernández Lage
Presidente



Grupo de Acción Local
do sector Pesqueiro
Golfo Ártabro Norte

Asdo.: Teresa María Oujo Reino
Secretaria



